

UNHA PRODUCCIÓN DE VICUS TEATRO

AS TRES VIDAS DE PANTALONE





Imaxina que todas as historias falan de ti.

Imaxina que personaxes creados hai séculos sexan capaces de contar unha historia onde ti es o protagonista.

Imaxina que unha compañía chega ó lugar onde vives e representa ante ti un espectáculo que nunca imaxinaras.

No teatro, na rúa, na praza da esquina, onde sexa!

Pois todo isto é o que este proxecto trae nas maletas.

Pode que a commedia dell'arte fose creada en Italia hai máis de 400 anos.

Pero a necesidade fíxoa viaxeira, internacional, para todos os públicos e todos os lugares. Para hoxe.

E aquí estamos nós, contando unha historia que pode ser

de todas partes un pouco e de ningún sitio de todo.

Logo de moitos anos viaxando e traballando por Europa, Vicus presenta **un espectáculo de commedia dell'arte producido e deseñado para percorrer o noso país de norte a sur e de leste a oeste.**

Cando pensamos na commedia dell'arte, imaxinamos enseguida un espectáculo na rúa, con actores enriba dun escenario decorado cun pano, facendo acrobacias, cantando, improvisando e contando unha historia que entretén e diverte á xente. Tamén imaxinamos a unha troupe de actores chegando en carro a calquera pobo ou cidade, dando vida personaxes inverosímiles e levando máscaras asombrosas.

Iso é a commedia dell'arte e iso queremos facer.

A idea deste proxecto é **recuperar o espírito das primeiras compañías que percorrían Europa** e levaban os seus espectáculos a todos os recunchos, dende pobos pequenos a grandes cidades e incluso castelos.

Estes precursores do teatro profesional abriron un camiño que queremos lembrar. Nun mundo onde todo vai á máxima velocidade, este proxecto mira ó pasado para atopar á esencia do noso oficio, ser un lugar de repouso e un recordatorio doutra forma de facer as cousas.

Este espectáculo propón **unha volta á esencia do teatro europeo**. Unha historia que serve de telón de fondo para falar dos problema de hoxe en día pero tamén dos grandes clásicos de sempre: o amor, o poder, a guerra...

A posta en escena responde a esa idea: O foco está posto nos actores, un telón ubica a acción; e a música en directo e os efectos de son acompañan a historia dende os laterais do palco escénico.

Unha experiencia teatral pero tamén unha viaxe no tempo.





As tres vidas de Pantalone é unha adaptación do clásico da literatura universal escrito por Charles Dickens en 1843, *Conto de Nadal*. Moitas son as adaptacións que existen desta famosa historia, máis ningunha coma esta.

O vello **Pantalone** leva anos tratando mal a todo o mundo. Os seus empregados non teñen para comer e incluso o seu mellor amigo Dottore morreu pola súa culpa.

Antes do día de nadal, **Dottore** regresa para advertilo de que tres meigas virán para tratar de cambialo e facer del unha boa persoa.

Viaxan primeiro ó seu pasado, onde un novísimo Pantalone trata de namorar a súa amada, a **Señora Rosaura**, pero fracasa por causa da súa avaricia.

A meiga do presente lévao a presenciar como a familia do seu criado **Arlecchino** ten dificultades para comer. O soldo que lle ofrece non é suficiente e tanto a súa muller **Francesquina**, como o seu fillo **Pulchinella**, buscan a forma de matar a fame como boamente poden.

E por último, a meiga do futuro mostraralle que clase de lembranzas terá o mundo del o día no que xa non camiñe entre os vivos.

Estas viaxes abrirán en Pantalone unha nova forma de ver o mundo e descubrirá que a amabilidade non é unha debilidade, se non todo o contrario.

A CRÍTICA DIXO | AFONSO BECERRA

- *“O máis importante aquí é a coreografía, a artesanía lúdica na interpretación destes personaxes que case parecen bonecos, o deleite de cantar e facer efectos sonoros, case como nos debuxos animado. O importante é o xoguete teatral, que non só está moi ben xogado, senón que é un exercicio de xenerosidade.”*

Crítica completa: Erregueté Nº110

TATÁN CUNHA, ACTOR E MONICREQUEIRO | TANXARINA

- *“A adaptación libre do "Conto de Nadal" de Dickens que Vicus Teatro trae ao século vinteun é un exercicio admirable de interpretación dos clásicos personaxes da Comedia da arte Italiana cargados de ironía, xuventude e coñecemento do misterio do teatro Italiano do século XVI. Un espectáculo que conserva a esencia do pasado, o atrevemento e a insolencia de resolver nun ir e vir frenético as situacións que as e os comediantes interpretan coa solvencia de quen ama o Teatro. Recomendo que non perdades a ocasión de ver e ser partícipes desta interesante proposta teatral atemporal e divertida para ver en calquera época do ano sexa nadal ou non. Longa vida a Vicus Teatro!. Charles Dickens aínda ia botar uhas boas risas e vos tamen se ides ver a función”.*

XAVIER CASTIÑEIRA, DIRECTOR | BUTACAZERO

- *“Oficio, artesanía, diversión e intelixencia escénica posta ao servizo dun clásico atemporal e ao deleite do público”.*

OS ESPECTADORES DIXERON

- *“Dende que comeza a obra, é un continuo paralelismo co Conto de Nadal, feito á súa maneira onde te sorprenden a cada minuto”.*
- *“Os actores fano de marabilla, rín un montón e disfrutei tanto do espectáculo que o tempo pasou voando mentres a vía”.*
- *“Levaba case dez anos sen ir ver unha obra de teatro e déronme ganas de voltar a velas”.*





Logo de 4 anos de formación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, na cidade de Vigo, varios comediantes decidiron poñer en marcha Vicus Teatro, para embarcarse nunha fermosa aventura cultural e humana.

A formación nas aulas permitiunos especializarnos nas artes escénicas en tan diversas disciplinas como o xogo de máscara, o circo, a loita escénica, o canto, o mimo, a danza e, sobre todo, a *commedia dell'arte*.

Unha formación completa e esixente que nos permite garantir un alto nivel técnico e artístico nos nosos espectáculos, cursos, conferencias e xiras nacionais e internacionais. Así como un repertorio de obras infantís, didácticas, e de *commedia dell'arte*.

Vicus Teatro comeza o seu percorrido no ano 2015 co espectáculo *A 3 Niveis*, que foi Finalista no certame Xuventude Crea dese ano.

Durante moito tempo sacou adiante un proxecto didáctico que percorreu os institutos galegos chamado *Crónicas*. A iniciativa contén tres espectáculos: *Crónicas de ouro* (sobre o século de ouro español), *Crónicas Clásicas* (sobre o teatro na Grecia e Roma clásica) e *Crónicas da fala* (sobre o teatro das Irmandades da Fala). Este último aínda en cartel.

No ano 2022 estreouse *Salón Alfonsina*, unha peza biográfica sobre a poetisa Alfonsina Storni. Ademais de ser Finalista do Xuventude Crea, a obra recibiu premios á Mellor Actriz e Mellor Texto Orixinal.

No ano 2024 estreouse *O namorado infiltrado*, peza que gozou dunha exitosa xira polo territorio nacional.

En novembro do ano seguinte presentouse *Conto de nadal*, peza estivo en cartel durante dous meses, gozando dunha formidable reposta de público e crítica, e que agora comeza a súa xira baixo o nome *As tres vidas de Pantalone*.



EQUIPO ARTÍSTICO | REPARTO

Pantalone	Pedro Galocha
Dottore	Carlos Galán
Señora	Paula Gavilán
Arlecchino	Érika Barbosa
Francesquina	Telma Pazo
Pulcinella	Iván De Araújo

EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección	Pablo Carrera
Texto	Nando Llera
	Pablo Carrera
Máscaras	Stefano Perocco
Vestuario	Indignati
Espazo Escénico	Vicus Teatro
Espazo Sonoro	Sergio Alfonso
Fotografía	Paula Cuervo

PRODUCCIÓN

Vicus Teatro

APOIOS

Este proxecto conta cos apoios de:

Asociación galega de commedia dell'arte
Festival Internacional Ciudad de Lucena
Gangarilla Producciones
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
Aproinppa
Barafunda Animación



CONTACTO

produccion.vicusteatro@gmail.com
pablo.vicusteatro@gmail.com

+34 645 789 265



www.vicusteatro.es